bngcomarcal
BOLETÍN INFORMATIVO QUINCENAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA
Nº44. 28 de marzo de 2014

Páx 2
OPINIÓN:
Corrupción e "códigos éticos".

Páx 3-4
PONTEVEDRA
Intervención de Lores no 25 aniversario da AJE

Páx 4
PONTEVEDRA:
Galiza Mártir

Páx 5
PONTEVEDRA:
Os temporais ocasionan gastos por 4,9 millóns de euros

Páx 6
PONTEVEDRA:
Comezan novas obras

Páx 7
PONTEVEDRA
Grande éxito das Noites Abertas

Páx 8-9
COMARCA
Galiza Nova: útiles para o país

Páx 10
SOUTOMAIOR
O PP oculta información do PXOM
BARRO
Festa do Viño

Páx 10
PONTEVEDRA
- **III Xornadas de Patrimonio Rural**
- **Cantos de Taberna**

CONTRACAPA:
Andainas 2014

A actual configuración das autoestradas galegas non favorece a mobilidade nin unha vertebración territorial acaída. Altas peaxes, concesións privadas e titularidade estatal conforman nun deseño alleo á realidade do país que sofren os nosos petos, polo que **é preciso reverter esta situación**.

A privatización encarece as autoestradas: pagamos máis por un peor servizo

A AP-9 é de competencia estatal, e está en mans privadas ate 2048 debido á ampliación da concesión que decretou o Goberno de Aznar a pesar de que a autoestrada está máis que amortizada, tal e como amosan os beneficios de 275 millóns de euros dende 2008 de Audasa, a súa concesionaria.

A privatización de Audasa no 2003 trouxo incrementos dos prezos das peaxes e peor calidade de servizo (ausencia de cobradores manuais, deterioro da capa de rodadura, etc). Así, dende esta data, o tramo A Coruña-Vigo incrementouse nun 50%, xa que pasou de 10,28 a 15,35 euros.

A necesidade dunha rede galega integrada de estradas

O deseño estatal de vías de grande capacidade obedece a unha concepción centralista e radial, o que implica maiores facilidades para desprazarse á capital do Estado que dentro de Galiza. Así, pagamos máis en peaxes no traxecto Ferrol-Vigo (17,65 euros), que no traxecto Ferrol-Madrid (16,20 euros). Outro exemplo destas disfuncións témolo na autoestrada Santiago-Ourense, onde o tramo Santiago-Lalín é de titularidade estatal e sufre altos peaxes mentres que o tramo Lalín-Ourense é de titularidade galega e libre de peaxe.

AS DEMANDAS DO BNG

- Conxelación dos prezos e descontos das peaxes para o 2014.
- Proceso de rescate público das concesións e traspaso da titularidade a Galiza co obxectivo de integralas dentro dunha rede viaria galega e acadar que **sexan gratuítas**.
- Cumprimento estrito dos compromisos das concesionarias no relativo á calidade do servizo: cobradores, iluminación e asfaltado.

GALIZA SEN PEAXES!

Polo seu interese transcribimos o artigo do alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, sobre "códigos éticos" e corrupción publicado o pasado domingo no xornal "La Voz de Galicia"

Corrupción e "códigos éticos"

Mal asunto cando os responsábeis dunha forza política ou dunha institución pública teñen que inventarse un "código ético". Son sempre unha cortiña de fume para tapar as miserias propias. A ética tense ou non se ten, e as condutas non van variar por "códigos éticos", normas ou regulamentos. Se así fose, ningunha persoa crente transgrediría as normas da súa relixión. A cerimonia de confusión é basta e ridícula. Ninguén se pode crer que un corrupto vaia a declarar os beneficios das súas prácticas en declaracións de bens e absurdas medidas como esta.

Quen mellor coñece ás persoas que propón para listas electorais ou designa para os cargos de goberno, é a organización política que os propón. Se as propón, debe responder por elas e, caso de detectar anomalías, apartalas dos seus cargos de xeito fulminante. Esta é a única receita seria e efectiva para acabar coa corrupción. A ética exércese no comportamento cotián; pretender substituír a ética real e efectiva por declaracións ampulosas e "códigos éticos" está xa descrito na Biblia como "sepulcros branqueados", moi aparentes por fora pero podres e corrompidos por dentro, que é onde realmente importa.

Hai algúns anos, axitar a pantasma do terrorismo era o subterfuxio para xustificar calquera medida antipopular. Afortunadamente desaparecido, aínda que parte do PP o queira resucitar, a corrupción, suposta ou real que xa se verá, está a ser utilizada a fondo para desviar atención sobre as medidas de empobrecemento de Galiza e das capas sociais maioritarias. Quérese levar a poboación a pensar as penurias que está a padecer son consecuencia da corrupción e non dos ditados de Bruxelas, Madrid e Santiago.

Como conclusión, loita continua contra a corrupción, contra un sistema cruel e corrupto na súa esencia. Sen tregua e sen descanso. Con medidas serias, rigorosas e efectivas. Misturar todo no suposto saco da "corrupción", o que o é e o que non, ampararse en aparencias inúteis de "códigos éticos", é o camiño equivocado, cando non mal intencionado. Ante a profunda corrupción do sistema, non vale facer manobras que aparenten cambiar algo para que nada cambie.

Discurso de Miguel Anxo Fernández Lores con motivo do 25 aniversario da AJE

Antes de nada, reciban os meus máis efusivos e sinceros parabéns por estas vodas de prata, moi merecidos tanto pola vosa historia en común, como por todas e tan boas iniciativas que durante todos estes anos compartistes coa cidadanía, a sociedade pontevedresa, e en concreto co Concello de Pontevedra.

Aínda que a vosa Asociación teña carácter provincial, sabedes que a cidade de Pontevedra está moi feliz por servir de escenario e de foro no que conflúen moitas das coordenadas do desenvolvemento económico e social da provincia, así como as súas institucións máis senlleiras.

Entre elas, esta Asociación de mozos e mozas empresarios, que resulta un puntal imprescindíbel na difusión e canalización da cultura emprendedora, sen dúbida un dos alicerces da creación da riqueza social que tanto precisamos, e o trampolín necesario para que centos de proxectos vexan a luz ou sexan promocionados como ideas de futuro

Amigas, amigos, a min gustaríame vir aquí a realizar un canto feliz no día do voso cumpreanos. Estou seguro que a todos e todas nos gustaría iso. Pero non debemos esquecer que estamos conmemorando un acontecemento de gran importancia social para a nosa cidade, algo que ten relación coa cruel situación que atravesamos os cidadáns, unha invernía que nen sequera os raios de sol destes días son quen de mitigar.

As personas que dirixen a nosa economía optaron pola versión máis dura do chamado mercado, o novo deus todopoderoso que deixan moverse polo mundo adiante, arruinando países, concentrando riqueza e desfacendo as estruturas que as sociedades viñan creando para vivir mellor.

Xa todo se entrega ás dinámicas do capital especulativo, que con avariciosa lóxica vai afogando sector tras sector, sometidos a unha competencia brutal ante a que non se ven capaces de resistir desde as sociedades estruturadas e desenvolvidas como a nosa.

Adoitados os ventos liberais que zoan en todo o mundo, os nosos dirixentes políticos entregaron o país a un sistema que produce os bens que consumimos en lugares nos que non soportan os custos laborais nen fiscalidades avanzadas que aquí nos permiten vivir con dignidade .

En Galiza, pouco espazo deixan para a economía produtiva, xa que grandes sectores fóron caendo mentres ingresabamos nos clubes que supostamente ían mellorar as cousas. O sector agrogandeiro está pior ca nunca. A pesca en decadencia absoluta. As conserveiras pechan sen remedio. A produción enerxética en mans dos monopolios de sempre.

A construción naval, en regresión absoluta ou entregada a empresas estranxeiras. O sector financeiro, igualmente vapuleado entre a delincuencia común, o descontrol público e a pasividade gubernamental.

Qué nos queda, amigas e amigos empresarios? Volver aos tempos da emigración? Renunciar de novo a ser fortes e teimudos? Confiar de novo ao Señor Santiago o futuro da nosa terra?

Gustaríame celebrar os vosos 25 anos xuntos contando éxitos e proxectando valores que medran, empresas sólidas, perspectivas felices.
Estou seguro que para algún de vós as cousas son realmente así. Alégrome de corazón e felicítovos.

Pero tamén sei que a maioría de vós padecedes os mesmos rigores que o resto da cidadanía, amenazados polas circunstancias, acobardados polas incertezas do futuro e amordazados pola estreiteza financieira.

Invertiron o diñeiro de todas e todos en rescatar bancos e garantir ao capital estranxeiro o abono das débedas contraídas pola economía especulativa.

Tedes que loitar xuntos contra esa perversa identificación que algunha xente comparte entre os conceptos de empresario e especulador. Tedes que viabilizar as vosas iniciativas á marxe das axudas públicas, sabendo que éstas, de existiren, só deben ser un complemento, un apoio.

Tedes que volver a convertervos nun motor social capaz de xerar riqueza no voso contorno, no voso país, entre a nosa xente.

Ser empresario equivale a dar o mellor de nós mesmos para crear emprego, desenvolver proxectos intelixentes e xenerar ilusións compartidas.

O sector público ten que crear boas condicións para equilibrar a sociedade, para vivir con dignidade, para garantir servizos básicos e mitigar as miserias que a propia sociedade pode xenerar.

Un mapa no que a empresa privada ten un gran protagonismo, porque axuda ao desenvolvemento colectivo creando riqueza que se redistribúe entre todas e todos.

Seguiremos apostando, desde o Concello e a cidade de Pontevedra, en todo o que estea nas nosas mans, por crear as condicións para que as empresas locais poidan desenvolverse con soltura, sexan capaces de sortear os malos tempos da mellor maneira, e consoliden os seus froitos para que sexan cada vez maiores e máis vizosos.

Feliz 25 aniversario, amigas e amigos. Que os vindeiros 25 veñan cheos de mellores perspectivas.

O Concello reclama a oficialidade do 17 de agosto, Día da Galiza Mártir

Logo da xuntanza mantida no Concello polo Alcalde Fernández Lores e a concelleira de Cultura, Anxos Riveiro, cos representantes da Fundación Alexandre Bóveda, o BNG decidiu elevar ao Pleno unha moción da Fundación Alexandre Bóveda na que se esixe á Xunta de Galiza que declare e instituía como "Día da Galiza Mártir" o día 17 de Agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional na Galiza, en memoria e homenaxe de todas as cidadás e cidadáns galegos que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego.

Asemade a moción reclama que se dea cumprimento expreso á Proposición non de Lei aprobada no Pleno do Parlamento de Galiza, na súa sesión do 26 de Decembro do 2006 na que se fai referencia a estes mesmo feito.

Por fin, a iniciativa propón que o Concello promova institucionalmente a celebración de actos protocolares da devandita rehabilitación pública e política para o primeiro "Día da Galiza Mártir" que se conmemore.

Os temporais deixaron en Pontevedra danos por valor de 4'9 millóns de euros

Os sucesivos temporais que azoutaron o noso país nos meses de decembro, xaneiro e febreiro deixaron na nosa cidade danos por valor de 4'9 millóns de euros. Foron meses nos que a práctica totalidade dos días tiveron algunha alerta, co que desde a concellaría de Protección Cidadá se mantivo activado o protocolo de emerxencias.

Nº de intervencións	
Alumeado público	26
Anegamentos	13
Arborado	98
Edificios	95
Caída de muros	11
Caída de valados	19
Colectores movidos	+100
Mobiliario urbano	18

Rapidez e eficacia

O operativo de emerxencias está formado por centos de persoas, entre policia local, bombeiros, protección civil, servizos técnicos municipais, gabinete de prensa, servizos de auga e limpeza e empresas de iluminación, iluminación do nadal, arborado, obras, valados, etc.

O operativo funcionou con rapidez e eficacia, atendendo a todas as emerxencias, fosen ou non competencia municipal. En total contabilizáronse máis de 400 intervencións en viais e zonas verdes, edificios municipais, rede de saneamento, mobiliario urbano e iluminación pública.

O Concello leva gastados 706.000 euros en reparacións de emerxencia

Entre as reparacións urxente ás que houbo que facer fronte está a cuberta do Pazo da Cultura (211.000 euros), o sistema de comunicacións da policía local (9.800 euros), o paseo dos Gafos (45.300 euros), o noiro da avenida de Bos Aires (58.000 euros), a casa do Concello (21.800), o edificio da Once -futuro local social da zona sul- (134.000), reparacións en pavimentos, sinalización e mobiliario no rural (46.289) e no urbano (64.000), iluminación (65.000), edificios educativos e sociais (23.700), e outras actuacións (15.300). O Concello tivo, ademais, ademais, que mercar 100 novos valados, o que dá boa idea das consecuencias que tiveron os temporais

Danos por 3 millóns de euros no rural

Pero máis alá dos gastos de emerxencia, os danos do temporal son moito máis profundos. Precísanse 2.800.000 euros para o rural, 1.500.000 para pavimentos urbanos e 60.000 para parques. Todo isto sen contar os danos privados e nas infraestururas doutras administracións

Colaboración con outras administracións

O Concello está a negociar con outras Administracións -coa Deputación estase a negociar xa un plano específico- colaboracións económicas para afrontar os gastos derivados do cru inverno que padecimos.

Comezan novas obras en Pontevedra

Logo do parón que obrigou a facer o tremendo inverno que padecimos este ano, o Concello retoma os traballos que ficaron parados e outros novos.

En primeiro lugar, os servizos técnicos e as brigadas están a traballar na reparación de danos producidos polos temporais por toda a cidade e polas parroquias.

Na zona urbana abórdanse xa os traballos para recuperar o noiro na suba a Monte Porreiro que vai quedar completamente reparado cun orzamento de case 60.000 €. Esta obra ten unha extraordinaria importancia para a seguridade viaria posto que o derrubamento obrigaba ás persoas a circular pola calzada e nunha zona con curvas.

Tamén estes días puideron rematarse as obras do estacionamento disuasorio na Parda, que foi asfaltado e tratado por un importe de 50.000 €. Trátase dun intervención de grande importancia nun dos bairros máis populosos da cidade e que vai contribuir a dar uns mellores servizos non só para os seus veciños máis próximos, senón tamén para todas aquelas persoas que teñen que acudir ao centro médico, ao Conservatorio ou mesmo ao cemiterio.

As intervencións en novas zonas de aparcamentos complétanse coas obras que estes mesmos días se realizan en Pasarón por un importe de 33.000 € para mellorar o firme e a recollida de pluvias e así dar servizo para outros 100 vehículos.

Por fin, as obras urbanas complétanse cos traballos que se están a realizar na zona de Fernando II e Bibiano Fernández Osorio Tafall. Precisamente é nesta rúa onde se comezou a construción dunha beirarrúa inexistente á que seguirá o asfaltado dese treito e doutros en más condicións en Fernando II e máis nas Abelleiras. Toda esta actuación forma parte dun plan maior que afecta a todo o sur da cidade e que inclúe tamén a reparación da Residencia da ONCE, a reclamación da mellora da estación de autobuses e, por suposto, o desdobramento da Avenida de Vigo.

Polo que respecta ás parroquias, tamén puideron retomarse os labores de asfaltado no Sixto e máis en Ponte Sampaio para dar acceso a dous núcleos de poboación e na Gándara, en Lérez, púxose en marcha o plan de traballo acordado coas veciñas e os veciños coa renovación integral dos servizos e a reparación do firme do primeiro treito desta vía pola que discurre o Camiño de Santiago.

Non só hai en marcha obras nas vías públicas, posto que tamén síguese a traballar na canceira, cun orzamento de case 200.000 €. Ao remate, Pontevedra vai contar con todos os servizos necesarios para atender aos cans abandoados nas mellores condicións posíbeis. Tamén están en marcha as reparacións que se deseñaron para converter a antiga residencia da ONCE no novo Centro Sur que atenderá tanto aos veciños e veciñas de Campo Longo, San Brais ou As Estrigueiras como aos de todo o resto do Concello. Lembremos que esta actuación ten un orzamento que ultrapasa os 130.000 €.

Grande éxito das Noites Abertas

Ao chegarmos á metade do programa Noites Abertas, máis un ano convértese nun extraordinario éxito pola calidade das actividades, polo engraxado da organización e, sobre todo, pola altísima participación de mozos e mozas de Pontevedra e da súa bisbarra.

Para afianzar a valoración positiva existen algunhas impresións que non se poden medir, mais que recoñecen todas e todos os que teñen algunha relación co programa. Así desde a organización destácase que nesta 15ª edición non houbo o menor problema mentres que as persoas directamente implicadas no desenvolvemento das actividades, os monitores e monitoras, falan seguido do bo talante do público e mesmo non teñen reparo en admitir máis participantes dos previstos para non ficar ninguén fora.

Outros datos si que son medíbeis e mensurábeis.

Ao primeiro, o número de participantes que este ano acadou as 2624 persoas (2650 o ano pasado) ás que se poderían engadir as 349 que ficaron sen praza para participar co que nos poríamos en case 3000 mozos e mozas que participaron nas Noites deste ano. Para mellor entender esta cifra de participantes, deberiamos ter en conta que, nesta altura, asistiron 218 persoas por xornada, mentres que o pasado 2013 esa cifra era de 176 persoas, isto é un aumento do 23'86% que se explica porque este ano houbo tres xornadas menos que no 2013.

Un dato que se calcula por primeira vez é o das 1054 persoas diferentes que se achegaron ás Noites Abertas. Tamén serven para entender a importancia desta actividade municipal se sabemos que iso é o 7'75% de toda a mocidade de Pontevedra.

A respecto das idades, hai un evidente rexuvenecemento que tamén se recolle nas cifras: hai un incremento de sete puntos porcentuais no treito de idade máis novo (24'6% no 2014, fronte ao 17% do 2013) e de 2 puntos no grupo intermedio (pásase do 57% ao 59'5% deste ano). Por fin o grupo dos máis vellos, quédanse no 15'9%, cunha caída de nove puntos a respecto de 2013.

Así pois, Noites Abertas faise máis nova e ano tras ano é asumida como propio pola nova mocidade de Pontevedra.

A respecto das actividades hai que destacar que cumpriu a celebración de 12 sorteos por haber máis persoas interesadas que prazas. Esta cifra enténdese mellor se se sabe que en toda a edición de 2013 se celebraron 11 destes sorteos. E non houbo máis porque en 21 actividades as persoas organizadoras asumiron que asistise máis xente da que estaba previsto ao principio.

Pola contra só se suspenderon catro actividades (o 2'5% delas), dúas polos temporais e dúas por falta de público.

En conclusión, nunha época na que se di que a mocidade rexeita calquera tipo de achegamento ás institucións e á política institucionalizada, en Pontevedra asúmese como propias as Noites Abertas. Deste xeito o programa ten que ter continuidade porque resulta de interese para o Concello e porque a mocidade de Pontevedra demostra cada fin de semana que queren máis.

III Xornada de Formación de GN-Pontevedra

Útiles para o país

O pasado sábado 14 de Marzo tiveron lugar as III Xornadas de Formación de Galiza Nova na comarca de Pontevedra. Na situación actual de especial crise política e social, as mozas e os mozos do BNG, organizados en Galiza Nova decidimos pararnos un momento a escoitar, pensar e debater sobre diversas cuestións que consideramos importantes para a nosa formación coma nacionalistas.

Para sermos militantes máis útiles para o movemento nacionalista e en definitiva para defender os intereses de Galiza, cremos necesario dotármonos de ferramentas ideolóxicas, así coma coñecer as diferentes realidades do país que tentamos mudar. Por iso organizamos estas III Xornadas de Formación en continuídade coas dúas edicións anteriores para pensar e debater sobre entre outras cousas o por que de ser nacionalistas galegos e o noso claro encadramento ideolóxico na esquerda.

Deste xeito, comentamos a orixe do movemento nacionalista galego ou a aparición do sindicalismo galego de clase entre outras cousas; e analizamos as respostas que como nacionalistas se lle deu historicamente e lle debemos de seguir a dar a determinadas problemáticas do país para acadar unha maior calidade de vida e evitar que coma ata agora, e dende os últimos anos especialmente, a nosa riqueza natural sexa a ser explotada con outros intereses alleos aos da propia terra.

Caso disto son o expolio dos nosos sectores produtivos que se realiza dende Madrid ou as propias cotas de produción que se nos impoñen dende Bruxelas, por unha Unión Europea antidemocrática que nin nos deixa producir leite, nin facer barcos, nin ir pescar con eles, como se está a ver co caso especialmente sangrante dos mariñeiros do cerco da xarda, de actualidade nestas semanas. Por outra banda no actual sistema autonómico español as reducidas cotas de autogoberno que posuímos, meramente nominal, non nos permiten a nós memsos atallar estes problemas.

Ademais outro tema que quixemos abordar neste intenso día de reflexións foi o do feminismo, tema sempre de actualidade e últimamente máis do habitual pola contrarreforma da Lei do Aborto que o Partido Popular pretende sacar adiante e que nos catapulta de novo aos tempos do franquismo en materia de dereitos das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo.

O acto foi aberto por Marcos Suárez, voceiro municipal en Moraña, concello que nos acolleu. As Xornadas foron realizadas neste concello para impulsar deste xeito a localidade múltiple creada ao comezo deste período de Galiza Nova Umia e potenciar o seu crecemento en militancia e simpatizantes, xente nova que se achegou ao nacionalismo e polo que crimos que era de especial importancia que recibiran a información que se impartiu nestas xornadas.

Eva Vilaverde, concelleira en Moraña e membro da Executiva Nacional do BNG, foi a encargada de comezar co propio contido das Xornadas tratando os temas máis actuais arredor da loita feminista pola mañá. Seguidamente tocoulle o turno a Bieito Lobeira, secretario de organización do BNG, que explicou cuestións da resposta do nacionalismo ás diferentes problemáticas do país, coma a lingua ou os problemas pesqueiros. Con estes dous bloques e os correspondentes debates que estes temas suscitaron chegamos ao mediodía e houbo un xantar organizado no que se deu lugar á confraternización da propia militancia e simpatizantes asistentes ás Xornadas.

Pola tarde tras o xantar foi o turno de Guillerme Vázquez, ex portavoz nacional do BNG e actual Presidente da Fundación Galiza Sempre, o cal disertou sobre a Unión Europea e o Mercado Común Europeo (ruína do pobo galego) anterior, e as desvantaxes que nos ocasiona estar nestes organismos coma pobo e coma nación.

Por último Tareixa Paz, deputada no Parlamento Galego, puxo en valor o papel do BNG nas institucións coma interlocutor do nacionalismo, ademais de facer referencia aos problemas de corrupción que nos afectan diariamente así coma a problemáticas máis concretas da nosa terra e que afectan ao medio rural, coma a Política Agraria Comunitaria, que controla o noso sector leiteiro dende Bruxelas e que nos repercute negativamente.

En definitiva estas Xornadas foron un evento enriquecedor no que os militantes e simpatizantes de Galiza Nova en base aos argumentos expostos polos diferentes poñentes, todos con dilatadas traxectorias políticas, dende a súa propia experiencia puidemos compartir ideas, debatir e expoñer as nosas propias, axudando deste xeito a formar militantes nacionalistas máis útiles para o nacionalismo galego e polo tanto máis útiles para o país.

O PP segue a ocultar información do PXOM a todos os veciños e veciñas de Soutomaior

O BNG de Soutomaior denuncia o escurantismo que o PP segue a ter na tramitación do PXOM, unha vez finalizado o período de alegacións. Manu Lourenzo, edil nacionalista, denuncia que ata en cinco ocasións se puxo en contacto co concello solicitando información importante do PXOM. O concelleiro declarou ter seguido en todo o momento o protocolo indicado polo concello, e o que os propios servizos municipais lle indicaran nun correo electrónico con data do 5 de febreiro. Mais cando se presentou no concello para ver esta información, o PP impediu o acceso a ela.

Dende o 11 de marzo son varios os correos electrónicos, as chamadas telefónicas e os escritos rexistrados criticando esta actitude do goberno local. Os nacionalistas solicitan ter acceso ás alegacións e ao libro de rexistros. “Dende o grupo municipal vemos necesario que se nos facilite a información relacionada co Plan de Urbanismo para desenvolver as nosas funcións como concelleiros”.

Fernando Herrero, voceiro municipal dille a Agustín Reguera que “non imos permanecer quietos mentres o PP pisotea o dereito de todas as veciñas e veciños á información, un dereito recoñecido pola lei. Non entendemos que é o que o PP ten tanto interese en agachar. O que temos claro no BNG é que a transparencia é un valor fundamental de calquera democracia.”

O BNG propón melloras na organización da Festa do Viño de Barro

O BNG vén de presentar unha moción para que se melloren unha serie de aspectos relacionados coa celebración da Festa do Viño de Barro.

En primeiro lugar propoñemos que os viños de Barro teñan unha promoción especial, recuperando a idea orixinaria da festa, que non era outra que promocionar os caldos do noso Concello.

En segundo lugar consideramos que os protagonistas de dita festa deben ser os productores de viño; neste sentido consideramos que os produtores e membros da organización sexan os que entreguen os premios, e non os representantes políticos como se viña facendo até o ano pasado.

En terceiro lugar, que sexa o propio Consello Regulador da denonimación de orixe “Rías Baixas” a que nomee o comité de cata.

E, por último, que como medida de racionalización económica, o xantar oficial da festa deixe de ser de balde para todas as persoas que non formen parte da organización ou sexan representantes de entidades que contribúan economicamente á propia festa.

A participación social eixo das III Xornadas de Patrimonio Rural

A participación social nos procesos de recuperación e conservación do patrimonio rural é o tema central das xornadas que chegan a súa terceira edición organizadas polo Concello de Pontevedra.

Especialistas e asociacións participan nas III Xornadas de Patrimonio Rural que se desenvolverán do 3 ao 5 de abril.

III Xornadas de
Patrimonio Rural
Patrimonio e Participación

Misión Biolóxica de Galicia
Salcedo-Pontevedra,
xoves 3, venres 4 e sábado 5 de abril de 2014

Programa

Xoves 3 de abril *(na Casa das Campás)*

19.00 h **Conferencia de Manuel Caamaño Suárez:** *"O patrimonio galego das construcións rurais da etapa preindustrial".*

Venres 4 de abril

17.30 h **Conferencia de Ángel Portolés Górriz,** coordinador do proxecto Patrimoni da Universidade Jaume I de Castellón: *"O proxecto 'Patrimoni como proceso de revalorización do patrimonio cultural no medio rural de Castellón".*

18.30 h **Mesa de experiencias do tecido asociativo:**

- **Instituto de Estudos Miñoranos (IEM):** Xosé Lois Vilar Pedreira, director da Sección de Arqueoloxía.
- **Lugo Patrimonio:** Lois Diéguez Vázquez, presidente da asociación.
- **Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte:** Manuel Vilar Álvarez, vicepresidente do Semescom.
- **O Sorriso de Daniel:** Consuelo Castro Rey, vicepresidenta da asociación.

Sábado 5 de abril

10.00 h **Conferencia de Manuel Gago Mariño,** xornalista cultural e profesor da Universidade de Santiago de Compostela: *"Patrimonio, participación e comunicación".*

11.00 h. **Pausa - café.**

11.30 h **Mesa de experiencias institucionais:**

- **Proxecto Alto Támega:** Beatriz Comendador Rey, directora do proxecto e arqueóloga.
- **Museo Aberto de Carnota:** Iván Franco Caamaño, concelleiro de cultura.
- **Vila Romana de Currás:** Silvia González Soutelo, directora do proxecto e arqueóloga.

13.00 h **Luís Bará, concelleiro de patrimonio histórico:** *"Patrimonio e participación no concello de Pontevedra: os proxectos e os procesos".*

13.30 h. **Actuación do grupo de música tradicional *Adonairare*** na eira do hórreo.

14.30 h. **Xantar.** A participación no xantar é opcional. Inscrición previa até o xoves 3 de abril. Prezo: 18 EUR.

Inscrición no correo electrónico:
patrimoniocultural@pontevedra.eu
indicando nome, apelidos e teléfono.

Concello de Pontevedra
Concellaría de Patrimonio Histórico

PROMOVE: Concellaría de Patrimonio Histórico, Plan do Patrimonio do Rural
COLABORA: Misión Biolóxica de Galicia (CSIC)

Volven Cantos de Taberna

Todos os últimos venres de mes, de marzo a xuño, a partir das 21 h. os cantos de taberna volverán aos bares do Centro histórico de Pontevedra.

Trátase da terceira edición desta iniciativa da concellaría de Festas e o grupo Maravallada que busca devolver aos bares os cantos populares e en galego.

Por vez primeira, ademais das actuacións no Centro Histórico, Cantos de Taberna se extenderán á parte nova, en concreto á zona leste da cidade.

Obradoiro de canto

Paralelamente, terá lugar un obradoiro de canto que terán lugar os días 5 e 12 de abril, para o que é necesario anotarse no teléfono 986 896 528

Premio CERMI accesibilidade 2007 | Premio Nacional da Cultura Galega 2008 | Premio Fesvial Seguridade Viaria 2010 | Premio Mobilidade Segura FEMP-DGT 2010 | Cidade Amiga da Infancia 2012 | Premio Intermodes UE 2013

Móvete

CONCELLO DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA MOBILIDADE

www.pontevedra.eu/movete

A pé

metrominuto

Móvete coa túa propia enerxía

Pontevedra Membro da Rede de Cidades que Camiñan

Cidade accesíbel

Bici

Tráfico a motor calmado en toda a cidade
Calzadas compartidas con automóbiles
En áreas peonís, prioridade peonil

Taxi

Radiotaxi **986 86 8585**
Teletaxi **986 10 1010**
Taxi adaptado **689 542 717**

Tren

Estación de Pontevedra
Rúa Eduardo Pondal
Información, horarios, prezos:
Tlf. **902 432 343**
www.renfe.es

Avión

Aeroporto **Vigo** (30 km)
Aeroporto **Santiago** (75 km)
Aeroporto **Coruña** (130 km)
Monbús + bus urbano
Tlf. info **986 866 360**

Aeroporto **Porto** (170 km)
Directo aeroporto: www.autna.com
Tlf. info e billetes: **610 288 030**

Infancia
Nenas e nenos camiñando ao colexio

ɛU 30
Máx 30 km/h
Tráfico a motor calmado

Teléfonos
Emerxencias **112**
Policía Local **092**
Policía Nacional **091**
Garda Civil **062**
Ambulancias **061**
Bombeiros **080**

Guindastre **986 858 710**
Rúa Camposanto (Zona Santo Amaro)

>>>>> No reverso deste panel, plano das rúas da cidade >>>>

Autobús

Planifique a súa rota habitual a través dos teléfonos ou as webs das compañías

Pode tomar un autobús entre dúas paradas dentro da cidade, abonando o importe mínimo

A información que aquí se recolle pode experimentar variacións

Desde a Estación de Autobuses existen múltiples servizos nacionais e internacionais
www.autobusespontevedra.com

Reclamacións sobre servizos:
Oficina de Consumo
Tlf. **986 805 858**

Máis información:
Estación Autobuses
Tlf. **986 852 530**
www.autobusespontevedra.com

Liñas reguladas pola Xunta
D.X. de mobilidade
Tlf. **981 544 580**
Delegación en PO
Tlf. **986 805 487**

As empresas de transporte público están interesadas en ofrecerlle un servizo eficaz e sustentábel.

Transmitalles as súas suxestións a través dos seus webs, do web municipal pontevedra.eu ou do Consello Parroquial do seu lugar de residencia

Estamos á espera de que a Xunta organice un sistema de billetes únicos e interconexións

Frecuencia alta Aprox. cada media h
Frecuencia media Aprox. cada hora
Frecuencia baixa Menos de 10 servizos diarios



Salcedo - Acuña
+info: Rías Baixas
Tlf 986 840 591
www.autocaresriasbaixas.com
Estacións
Pte. Burgo
Xofre de Tenorio
Xral. Rubín
Campolongo

Brilat Figueirido
+info: Rías Baixas
Tlf 986 840 591
www.autocaresriasbaixas.com
Pte. Burgo
Xosé Malvar
12 Novembro
Juan Carlos I
Eduardo Pondal
Campolongo

A Caeira
+info: Rías Baixas
Tlf 986 840 591
www.autocaresriasbaixas.com
Xofre de Tenorio
Pte. da Barca

Castelo e Lérez
+info: Rías Baixas
Tlf 986 856 622
www.autocaresriasbaixas.com
Estacións
Xofre de Tenorio
Mercado
Pavillón

Tomeza, Figueirido A Canicouva
+info: Monbús
Tlf 986 866 360
Estacións
Hospital Prov.
12 Novembro
Xulgados

Lérez, Xeve, Campo Lameiro
+info: Cuña
Tlf Tlf 986 840 591
www.autocaresciuña.com
Estacións
Campolongo
Corbaceiras
Mercado
Pavillón

Meis, Ribadumia Cambados
+info: Cuña
Tlf 986 840 591
www.autocaresciuña.com
Estacións
Campolongo
Mercado
Pavillón

Vilagarcía
+info: Núñez Barros
Tlf 986 866 360
Estacións
Campolongo
Corbaceiras
Echegarai
Bombeiros

Lalín, A Estrada, Bandeira, Cuntis e Caldas
+info: Donado Campos
Tlf 986 570 018
Estacións
Campolongo
Corbaceiras
Mercado
Pavillón

Ponte Caldelas e A Lama
+info: García Castro
Tlf 986 843 266
Estacións
Hospital
Loureiro Crespo
Camposanto

Moaña e Cangas
+info: Monbús
Tlf 986 866 360
Estacións
Av. Vigo

Sempre que podas,

Mellor a pé

- Por economía
- Por contaminación
- Por saúde
- Por ruídos
- Por limpeza
- Por calidade